

## Actuación del Ballet Ruso de Armenia en diversas localidades de Galicia

La Coruña (Redacción). El Ballet Ruso de Armenia, integrado por más de treinta personas, entre músicos, bailarines y coreógrafos, actuará estos días (hasta el próximo 26) en diversos lugares de Galicia (Vigo, Santiago, La Coruña, Lugo, Orense, Lalín, Vilagarcía, Carballo y Pueblo do Caramiñal.)

Es la primera vez que el Ballet Ruso de Armenia se presenta en

España, tras actuar con gran éxito en Francia, Italia, Alemania, Japón y otros países.

En su repertorio figuran más de cuarenta números que, en un torbellino de luz y color, muestran la historia de Armenia. «Ver las danzas de un pueblo —señala su director Vanush Janamirian, que ha sido premiado por el Estado armenio— significa ver la vida en movimiento»

### BLOCK DE NOTAS

## Os héroes ibéricos de Torga

Por XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO

*Non hai moito que foron traducidos ó castelán os «Poemas ibéricos» de Miguel Torga. Non coñezo esta versión. Coñezo —teño— a portuguesa. Publicouse o libro por primeira vez en 1965, en Coímbra. É un volume pequeno. Só ten oitenta páxinas. Divídese en catro partes: «Historia tráxico-telúrica», «Historia tráxico-marítima», «Os héroes» e «O pesadelo». Son, en total, corenta e cinco poemas de feitura sinxela. Toda a obra literaria de Torga, ou case toda —prosa, poesía, teatro—, ten o mesmo punto de apoio, as mesmas referencias, as mesmas raíces: o pobo, as cousas do pobo, os homes dese pobo, as miserias do mesmo pobo, o amor, a fatalidade, o destino. Do pobo portugués. Claro que aquí fala de Portugal e de España. Da vella Iberia. «Coma ondulada capa de miseria a cubrir de negrura a cor das chagas, así es ti, costra das vellas fragas, sobre o coropo da Iberia», sinala nun dos poemas. E noutro: «Ten cada pobo o seu fado, xa tallado, no libro da natureza. Un destino reservado, de riqueza ou de pobreza, consoante ó chan labrado... E nada pode mudar a fatal condenación».*

*A penúltima parte é a que lle dedica ós héroes ibéricos. Son coma retratos, urxentes, das grandes personaxes de España e Portugal: Viriato, Séneca, O Cid, Inés de Castro, Torquemada, Vasco de Gama, Magallanes, Camoens, Herculano, Cervantes, Alfonso de Alburquerque, Pessoa, Picasso, Unamuno, Lorca, Don Sebastián, Santa Teresa, entre algúns máis, sen esquecer a Don Quixote e Sancho. Do Cid di que é o primeiro Quixote coñecido. De Inés de Castro, que é a linda e eterna Xulieta do Romeu portugués. E de Torquemada: «Hai sempre un nome triste na longa vida de cada nación». Sobre Pessoa: «Foi o vidente fillo universal dun futuro-presente Portugal, outra vez trovador e argonauta».*

*Gústanos especialmente o que lle dedica a Unamuno: «Don Miguel... Facia pombas brancas de papel que voaban da Iberia ó fin do mundo... Unamuno Terceiro. (Foi o Cid o primeiro, D. Quixote o segundo). Amante doutra Dulcinea ilusoria, tamén (patria, nai, idea), era o seu defensor cando ninguén lle defendía a honra amenazada... E falaba con Deus en castelán. Contáballe a patética agonía dun espírito católico, romano, dentro dun corpo quente de herexia... Cabaleiro andante... O seu amor, por ser demais, foi pouco». Tamén é fermoso o que lle dedica a Lorea: «García Lorca, irmán: son eu unha vez mais... Veño negar a humana condición, a humana pequenez da ingratidade. Veño e virei en canto houber poesía, pobo e soño da Iberia. Veño e virei á túa memoria, ofrecerche a miseria dunha oración lusitana e sombría». Sobre Picasso: «Outro pintor das grutas de Altamira solta os bisontes da imaxinación. Con mans salvaxes de Vulcano tira raios de renovación». De Camoens: «Non teño versos de tan conmovido que fico a ollar de lonxe tal grandeza». De Santa Teresa: «Foi en Avila da Iberia, a miña terra»...*

*E no «Pesadelo de D. Quixote»: «Sancho: ouzo unha voz etérea, que nos chama... ¿Iberia dis ti?... ¿Dis Iberia? Acorda, Sancho, é ela a nosa dama. Pois ¿de quen han de ser estes xemidos? Pois, ¿de quen han de ser? Son dela, Sancho, que nos meus oídos anda o seu corazón a padecer»... Don Quixote, o eterno cabaleiro namorado e perdido.*

*Un fermoso libro — coma todo os de Torga — para ler despacio e disfrutar do engado dos seus poemas dedicados á terra a ós héroes da «mais grande aventura»: Iberia, a patria común.*

Entre outras importantes publicacións

## O ILG editará este ano o primeiro tomo do Atlas Lingüístico de Galicia

Santiago (Redacción). Onte pola mañá celebrou reunión o Patronato do Instituto da Lingua Galega baixo a presidencia do seu presidente, o rector da Universidade, Carlos Pajares. O director do ILGA, Constantino García González fixo unha exposición das actividades de 1986, así como dos proxectos inmediatos, entre os que figura a edición do Atlas Lingüístico de Galicia.

Desde a última reunión do Patronato, celebrada o día 29 de abril de 1986 apareceron as seguintes publicacións: volumes 12 (1985) e 13 da revista «Verba» (1986) nos que colaboran con traballos de lingüística galega, así como doutras linguas hispánicas e de romanística xeral tanto profesores da Universidade de Santiago como prestixiosos profesores doutras Universidades españolas e extranxeiras, o anexo número 28 de M. Fernández Pérez e os dous primeiros volumes dos **Cadernos de Documentación Municipal** (I. Patrimonio e Bens e II. Contratación).

### Leccións de galego

As leccións de galego que este Instituto publicou no diario «La Voz de Galicia» ó longo do ano 1985 apareceron xa en forma de libro en 1986 e destas mesmas leccións foi feito para a radio un curso, co mesmo título de «Galego Coloquial». Hai que dicir que seguen á venda os manuais Galego 1, 2 e 3 e ó **Diccionario Básico da Lingua Galega**.

Debemos engadir ademais que os membros do ILGA aportaron diversas colaboracións noutras revistas científicas de divulgación e así mesmo presentáronse diversas ponencias e comunicacións en varios congresos e coloquios.

### Atlas lingüístico

A Sección de Xeografía Lingüística rematou de correxilo primeiro volume do Atlas Lingüístico Galego que editará inmediatamente a Fundación Barrié de la Maza. Na Sección do Tesouro Lexicográfico se-



Constantino García fixo unha exposición das actividades do Instituto da Lingua Galega en 1986

guiuse coa introducción de diversas fichas procedentes de tesinas e de grabacións recollidas por colaboradores do ILGA.

Tamén foron introducidas as fichas de palabras expurgadas das obras de Castelao, Lamas Carvajal e diversos autores do século pasado.

Na Sección de Lexicografía un equipo de traballo continuou realizando o **Vocabulario ortográfico** que constará dunhas 50.000 entradas que serán os lemas do Grande Diccionario Galego.

Outro equipo realizou xa a metade den **Diccionario elemental** que terá as definicións dunhas 10.000 palabras. Léxico medieval

Na Sección de Léxico Medieval continuouse a traballar no glosario da **Crónica Troiana** editada por Ramón Lorenzo.

Na Sección de Linguaxe Administrativa estívese traballando na elaboración de formularios de documentación municipal, que deron xa o froito da publicación de dous volumes xa citados e dun diccionario administrativo.

Por último, Constantino García sinalou que o ILGA colaborou na realización dos

guións para as «Faiscas da Lingua» que emitiu T.V.G. e evacuou toda clase de informes que lle plantexaron tanto Institucións oficiais como privadas.

### Traballos en curso

As próximas publicacións do ILGA, aparte do número 14 de «Verba», son un anexo desta mesma revista onde se recollen as ponencias presentadas ós Coloquios de Lexicografía realizados hai un ano polos 16 profesores extranxeiros invitados e por diversos membros do ILGA, o primeiro volume do **Atlas Lingüístico Galego** que abarca 300 mapas cos seus comentarios correspondentes e abundantísimas notas e o terceiro volume dos **Cadernos de Documentación Municipal** referido a Urbanismo.

Na Sección de Xeografía Lingüística estase a prepara-lo volume segundo do Atlas que tratará da Morfoloxía nominal e pronominal. Nas Seccións Lexicográficas esperamos que os citados **Vocabulario ortográfico** e o **Diccionario elemental** cheguen axiña ó seu final.

Sinalou o director do ILG que desde hai dous meses conta cuns ordenadores que axiliarán o fichado dun corpus léxico de máis dun centenar de obras. Dispoñéndose neste momento do Hard- e Software para a primeira fase deste traballo.

Na Sección de Léxico Medieval, aparte de seguir coa ordenación do glosario da **Crónica Troiana**, serán tratados os textos da documentación do mosteiro de Montederramo que se están a transcribir actualmente.

Na Sección de Linguaxe Administrativa seguirán preparándose novos volumes dos **Cadernos de Documentación Municipal** e esperase rematar un léxico administrativo castelán-galego.

Desde hai uns días recibiuse o encargo da Consellería de Educación para a adaptación ou tradución dos documentos relativos á área do ensino.

El jueves:

345 millones en el

**bote.**

Lotería Primitiva

Selle sus boletos antes del miércoles.

El juego de todos.